

Proposta de nome para o proxecto	<i>Agasallo</i> Propostas de regalos en galego
Proposta presentada na xuntanza do	30/5/12
Datos da persoa que fai a proposta	Nel Vidal Barral
Breve descrición	<p><i>Agasallo. Propostas de regalos en galego</i>, é un proxecto para visibilizar o galego nos agasallos, principalmente nos agasallos da época de Nadal, a través dunha revista e dun sitio web con recomendacións de discos, camisolas, libros, cinema, banda deseñada, aparellos electrónicos, fragancias, xogos, etc.</p> <p>Con <i>Agasallo</i>, ao mesmo tempo que se está a fomentar o uso e prestixio da lingua galega promocionando creacións e produtos que usan a nosa lingua e procurando que un maior número de persoas os coñezan e teñan acceso a eles, tamén se está apoiando e difundindo a música galega, a literatura, o cinema, a banda deseñada, etc., e, polo tanto, axudando e contribuíndo á supervivencia das nosas empresas culturais.</p> <p>A revista <i>Agasallo</i> xa se publicou en 2010, promovida pola CTNL e financiada pola Deputación da Coruña, e intentouse en 2011, mais non se conseguiu.</p>
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> - Visibilizar e dar a coñecer entre o conxunto da cidadanía as creacións e os produtos que usan o galego. - Que a cidadanía coñeza que se poden regalar produtos na nosa lingua de todo tipo e para todas as idades. - Incentivar a regalar películas, camisolas, discos, libros, aparellos electrónicos, xogos, etc., en galego. - Que os comercios teñan unha maior oferta de produtos de agasallo na nosa lingua. - Promocionar e apoiar as empresas e as creacións culturais propias: música, literatura, cinema, novas tecnoloxías, etc.
Explicación da acción	<p>A revista <i>Agasallo. Propostas de regalos en galego</i>, editouse en 2010 promovida pola CTNL e financiada pola Deputación da Coruña, e distribuíronse 45.000 exemplares a través dos SNL dos concellos da provincia da Coruña. Na rede distribuíuse en formato .pdf, e tivo arredor de 5.000 descargas.</p> <p>A iniciativa tivo moi bo acollemento e considerouse que tivo un impacto positivo para a lingua.</p> <p>En 2011 intentouse editar de novo, mais nesta ocasión, ao non querer financiala a Deputación da Coruña, procurouse que fose asumíndoa, mediante compra, as entidades interesadas. Ao facer isto a última hora e non se acadar un mínimo de exemplares, non se puido editar e distribuír.</p> <p>Mais, en 2012, poderemos facelo.</p> <p>Podería terse en conta o seguinte:</p>

	<ul style="list-style-type: none"> - A revista debería ter un formato e deseño atractivo, a toda cor, e incluír unha selección de creacións e produtos en galego que sexan axeitados como regalo, como por exemplo discos, camisolas, libros, cinema, banda deseñada, aparellos electrónicos, fragancias, xogos, etc. Todas as ideas que inclúa o catálogo deben ter dúas cousas en común: que sirvan como agasallos e que usen a lingua galega. - Para a difusión masiva, para que realmente chegue ás casas e teña un impacto real, a súa distribución en papel é fundamental. O ideal é que se lle dea unha a cada rapaza e rapaz a través de centros de ensino, pois é a maneira máis eficiente de distribución. - Ademais desta versión en papel, sería interesante que houbera unha versión electrónica actualizable, válida non só para a época de Nadal, na que se puidesen buscar agasallos por idade, por tipo, por prezo, etc. Algo do estilo de http://www.katalogoa.org, do éuscaro. - Todo isto podería ir acompañado cunha campaña máis xeral de fomento do galego nos agasallos.
A quen vai dirixida a acción?	<ul style="list-style-type: none"> - Os/as destinatarios/as últimos/as da propostas son os cidadáns e cidadás en xeral, nomeadamente nenos e nenas, mais inclúe propostas para todas as idades. - O ideal é que as entidades que participen deste proxecto distribúan os exemplares en papel a través dos centros de ensino, mais tamén en edificios públicos, auditorios, casas da xuventude, librarías, comercios, etc.
Quen se propón que a promova?	<p>Propónse que desde a CTNL se implique a cantas máis entidades mellor, que serían as encargadas de difundir e distribuír <i>Agasallos</i> no seu ámbito e que o financiarían mediante a compra de exemplares. O ideal é que participen:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Concellos, que distribuirían <i>Agasallos</i> a través dos SNL - Centros de ensino, que distribuirían <i>Agasallos</i> a través dos ENDL, no caso de que non llos faciliten desde o seu concello - Universidades, que distribuirían <i>Agasallos</i> a través dos SNL - Outras entidades <p>Da produción da revista e xestión económica (facturación e cobro ás entidades, etc.) podería encargarse Biblos, como fixo en 2010. O espazo web habería que buscar quen o desenvolvese.</p>
Necesidades materiais	<ul style="list-style-type: none"> - Revista (deseño, produción, impresión, distribución, etc.) - Espazo web (deseño, produción, etc.)
Necesidades humanas	<ul style="list-style-type: none"> - Un coordinador ou coordinadora para o proxecto. - Un equipo de persoas que o definan mellor, que fagan a selección de contidos, que definan como convencer ás distintas entidades para participar, etc. - *Enténdese que para a produción da revista e do espazo web habería que contar con empresas.
Proposta de xestión do proxecto	<ul style="list-style-type: none"> - Nun primeiro momento definiríase mellor o proxecto, faríase unha valoración económica coa(s) empresa(s) implicada(s), etc. - Unha vez pechada ben a proposta, ofreceríase a entidades que se quere que se impliquen, e que financiarían <i>Agasallos</i> mediante a compra de exemplares en papel. - A proposta é que cada concello, centro de ensino, entidade, etc., merque os exemplares suficientes para poder distribuír desde os servizos de normalización lingüística (SNL) e desde os equipos de

	<p>normalización e dinamización da lingua (ENDL) dos centros de ensino entre o alumnado. O ideal é que cada alumno ou alumna reciba un exemplar de <i>Agasallo</i> no seu centro de ensino, pois a poboación en idade escolar é a destinataria principal desta acción, e así chegaría tamén a un gran número de fogares. De todos os xeitos, de non poder chegar a todos/as, pódense seleccionar algúns cursos e/ou distribuír <i>Agasallo</i> tamén a través de comercios, centros sociais, actividades culturais, facultades, librarías, etc.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Estableceríase un prezo por lote ou por exemplar dependendo do número de exemplares totais que se merquen (por tramos), e esta sería a maneira de financiar os custos. - Tamén se pode valorar a posibilidade de buscar publicidade na revista, o que axudaría a financiala. - Débese contemplar que a revista leve o logo da entidade que a merca, polo menos a partir dun número mínimo de exemplares. - A xestión de facturación, pagamentos, envíos, etc., faríaa a empresa coa que se conte (a proposta é que o faga Biblos, como en 2010). - Quen “ofrecería” o proxecto podería ser a CTNL, mais da xestión económica, de persoas, etc., encargaríase esa entidade/empresa intermediaria. - Coa posta en marcha do proxecto, ou xa previamente, habería que ter unha serie de entidades comprometidas a participar, que o fixeran viábel.
Prazos previstos	<ul style="list-style-type: none"> - <i>Agasallo</i> tería que estar en circulación, como moi tarde, a finais de novembro ou principios de decembro.
Outras observacións	<ul style="list-style-type: none"> - A versión en .pdf da revista feita en 2010 pódese ver en www.agasallo.eu. - Para o espazo web podería pensarse algo do estilo do http://www.katalogoa.org éuscaro.